



PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

X legislatura
Número 304
15 de maio de 2018



SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.2. Proposicións de lei

■ 30911 (10/PPL-000023)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Proposición de lei, formulada polo G. P. dos Socialistas de Galicia, de modificación da Lei 9/2011, do 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia [99031](#)

1.1.2.1.6. Proposicións de lei para presentar perante o Congreso dos Deputados

■ Acordo da Mesa do Parlamento, do 15 de maio de 2018, de apertura do prazo para a presentación de emendas ao articulado á Proposición de lei, para presentar perante o Congreso dos Deputados, orgánica de transferencia da titularidade e competencias da AP-9 á Xunta de Galicia (doc. núm. 20737, 10/PPLC-000007) [99026](#)

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas

COMISIÓN 8ª, PESCA E MARISQUEO

Retirada iniciativa en comisión

■ 19644 (10/PNC-001598)

Grupo Parlamentario de En Marea

Santos Queiruga, Carmen e Merlo Lorenzo, Juan José

Sobre a introdución na etiquetaxe do selo *pescadeRías ¿de onde se non?* do prezo pagado por quilo ao mariñeiro ou mariscadora, así como un código QR que leve directamente ao apartado de trazabilidade do produto na páxina web www.deondesenon.xunta.gal [99027](#)

Aprobación con modificacións

■ 29461 (10/PNC-002346)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e seis deputados/as máis

Sobre a elaboración pola Xunta de Galicia dun informe do posible custo económico, para as principais frota pesqueiras galegas afectadas, da implantación da obriga de desembarque de todas as capturas realizadas [99027](#)

Aprobación por unanimidade sen modificacións

I 5322 (10/PNC-000509)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis e tres deputados/as máis

Sobre a execución pola Xunta de Galicia das obras de dragaxe do Porto Chico, de Foz [99028](#)

I 29234 (10/PNC-002318)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e cinco deputados/as máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa transferencia á Xunta de Galicia das competencias sobre os centros do Instituto Oceanográfico Español existentes en Galicia, así como as reivindicacións dos seus traballadores [99028](#)

I 29459 (10/PNC-002345)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e seis deputados/as máis

Sobre a intensificación polo Goberno galego dos labores de vixilancia contra o furtivismo naquelas zonas de maior incidencia, en especial nos eidos da comercialización e da restauración e coincidindo coas datas festivas, nas que os produtos do mar acadan maior prezo no mercado [99029](#)

Rexeitamento da iniciativa

I 21596 (10/PNC-001771)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para a rexeneración da ría do Barqueiro, no concello de Mañón [99029](#)

I 29009 (10/PNC-002298)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e Torrado Quintela, Julio

Sobre a realización polo Goberno galego dun estudo das repercusións que está a ter para cada un dos concellos a aplicación da Resolución de Portos de Galicia pola que se regulan os criterios de autorización da ocupación das zonas portuarias para o desenvolvemento de espectáculos públicos ou actividades recreativas [99029](#)

I 29847 (10/PNC-002388)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e cinco deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para recuperar a pesqueira do polbo e garantir as rendas dos mariñeiros [99030](#)

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.2. Proposicións de lei

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 15 de maio de 2018, adoptou o seguinte acordo:

Admisión a trámite

- 30911 (10/PPL-000023)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Proposición de lei, formulada polo G. P. dos Socialistas de Galicia, de modificación da Lei 9/2011, do 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia

A Mesa toma coñecemento da Proposición de lei, formulada polo G. P. dos Socialistas de Galicia, de modificación da Lei 9/2011, do 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia, e, dado que vén presentada nos termos previstos no artigo 122 do Regulamento da Cámara, acorda:

1º. Admitir a trámite a devandita proposición de lei.

2º. Dispoñer o seu traslado á Xunta de Galicia para que emita o informe previsto no Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, e para que manifieste o seu criterio e a súa conformidade respecto da súa tramitación nos termos previstos no artigo 123.2 do Regulamento.

3º. Ordenar a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 15 de maio de 2018

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

1.1.2.1.6. Proposicións de lei para presentar perante o Congreso dos Deputados

Acordo da Mesa do Parlamento, do 15 de maio de 2018, de apertura do prazo para a presentación de emendas ao articulado á Proposición de lei, para presentar perante o Congreso dos Deputados, orgánica de transferencia da titularidade e competencias da AP-9 á Xunta de Galicia (doc. núm. 20737, 10/PPLC-000007)

A Mesa do Parlamento, na reunión do día 15 de maio de 2018, tomou coñecemento do acordo de toma en consideración polo Pleno da Proposición de lei, para presentar perante o Congreso dos Deputados, orgánica de transferencia da titularidade e competencias da AP-9 á Xunta de Galicia (doc. núm. 20737), e adoptou o seguinte acordo:

1º. A apertura do prazo de 15 días hábiles para a presentación de emendas ao articulado, nos termos establecidos nos artigos 123.4 e 112 do Regulamento do Parlamento de Galicia, que rematará o día 2 de xuño de 2018, ás 13.00 horas

2º. Propoñer á Xunta de Portavoces a súa asignación á Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos.

3º. Publicar este acordo no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* do día 15 de maio de 2018.

Santiago de Compostela, 15 de maio de 2018

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas

COMISIÓN 8ª, PESCA E MARISQUEO

A Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo, na súa sesión do 11 de maio de 2018, adoptou os seguintes acordos:

Retirada iniciativa en comisión

- 19644 (10/PNC-001598)

Grupo Parlamentario de En Marea

Santos Queiruga, Carmen e Merlo Lorenzo, Juan José

Sobre a introdución na etiquetaxe do selo *pescadeRías ¿de onde se non?* do prezo pagado por quilo ao mariñeiro ou mariscadora, así como un código QR que leve directamente ao apartado de trazabilidade do produto na páxina web www.deondesenon.xunta.gal

BOPG nº 207, do 08.11.2017

Aprobación con modificacións

- 29461 (10/PNC-002346)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e seis deputados/as máis

Sobre a elaboración pola Xunta de Galicia dun informe do posible custo económico, para as principais frotas pesqueiras galegas afectadas, da implantación da obriga de desembarque de todas as capturas realizadas

BOPG nº 296, do 25.04.2018

Sométese a votación e resulta aprobada con modificacións respecto do texto orixinal, por 11 votos a favor, 0 votos en contra e 1 abstención.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia á elaboración dun informe co custo económico que pode supoñer para as principais frotas pesqueiras galegas afectadas a implantación da obriga de desembarque e coas alternativas de flexibilidade que recolle a normativa.»

Aprobación por unanimidade sen modificacións

- 5322 (10/PNC-000509)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis e tres deputados/as máis

Sobre a execución pola Xunta de Galicia das obras de dragaxe do Porto Chico, de Foz

BOPG nº 75, do 01.03.2017

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións pola unanimidade dos 12 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a acometer de xeito urxente as obras de dragaxe do Porto Chico de Foz.»

- 29234 (10/PNC-002318)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e cinco deputados/as máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa transferencia á Xunta de Galicia das competencias sobre os centros do Instituto Oceanográfico Español existentes en Galicia, así como as reivindicacións dos seus traballadores

BOPG nº 293, do 18.04.2018

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións pola unanimidade dos 12 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

—Demandar ao Estado español o traspaso de competencias para a total xestión económico-administrativa dos centros do Instituto Oceanográfico Español hoxe en día en Galicia co obxecto de que pasen a formar parte da estrutura propia da Xunta.

—Instar o Ministerio de Economía, Industria e Competitividade do Estado español, mentres non se dea traslado das competencias en xestión económico-administrativa a iniciar un proceso de descentralización dos centros e das infraestruturas do Instituto Oceanográfico Español, nomeadamente para os centros e infraestruturas con sede en Galicia, na cidade da Coruña e na cidade de Vigo, para seren xestionados segundo as súas propias necesidades.

—Instar o Ministerio de Economía, Industria e Competitividade do Estado español a atender as demandas das traballadoras e dos traballadores dos centros do IEO, nomeadamente as referidas á creación dunha bolsa de emprego, ao aumento en investimentos en I+D+i e a atención prioritaria para a aprobación áxil de proxectos e no deseño dun modelo actualizado, coa necesaria modernización no sistema de xestión e na estrutura do organismo.»

- 29459 (10/PNC-002345)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e seis deputados/as máis

Sobre a intensificación polo Goberno galego dos labores de vixilancia contra o furtivismo naquelas zonas de maior incidencia, en especial nos eidos da comercialización e da restauración e coincidindo coas datas festivas, nas que os produtos do mar acadan maior prezo no mercado

BOPG nº 296, do 25.04.2018

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións pola unanimidade dos 12 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a intensificar os labores de vixilancia contra o furtivismo naquelas zonas de maior incidencia, especialmente nos eidos da comercialización e da restauración e coincidindo con datas festivas nas cales os produtos acadan maior prezo no mercado, a través de inspeccións en puntos de venda e en establecementos de hostalaría.»

Rexeitamento da iniciativa

- 21596 (10/PNC-001771)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para a rexeneración da ría do Barqueiro, no concello de Mañón

BOPG nº 234, do 29.12.2017

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

- 29009 (10/PNC-002298)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e Torrado Quintela, Julio

Sobre a realización polo Goberno galego dun estudo das repercusións que está a ter para cada un dos concellos a aplicación da Resolución de Portos de Galicia pola que se regulan os criterios de autorización da ocupación das zonas portuarias para o desenvolvemento de espectáculos públicos ou actividades recreativas

BOPG nº 293, do 18.04.2018

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

- 29847 (10/PNC-002388)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e cinco deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para recuperar a pesqueira do polbo e garantir as rendas dos mariñeiros

BOPG nº 299, do 03.05.2018

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

Santiago de Compostela, 11 de maio de 2018

Eva Solla Fernández

Vicepresidenta 2ª

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 122 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte Proposición de lei de modificación da Lei 9/2011, do 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Exposición de motivos

O servizo público de comunicación audiovisual competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, constitúe un elemento vital para o mantemento do espazo público democrático, o reforzamento da identidade do pobo galego, e a promoción da nosa cultura e lingua. A Lei 9/2011, do 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia xa establecía a necesidade de reforzar a independencia da Corporación Radio e Televisión de Galicia respecto do Poder executivo, traballando cara a unha nova concepción na promoción do pluralismo ideolóxico e social.

Pero o certo é que moitas das previsións concretas que a dita lei establecía non foron cumpridas, impedindo facer efectiva a súa aplicación en cuestións fundamentais, polo que é necesario proceder á súa actualización e demandar o seu cumprimento nesas materias esenciais, tal que se posibilite na realidade a aposta que na lei se establecía por uns medios públicos máis modernos, imparciais e plurais.

Porque para provocar e facilitar esta situación, a radiotelevisión pública galega debe ter como base da súa actividade a independencia, a estabilidade, a responsabilidade e a participación da sociedade civil.

Así, dado ao tempo transcorrido, existen unha boa serie de cuestións esenciais que é preciso activar sen máis dilación, como as que se refiren ao nomeamento do director ou directora, á formulación dos contratos-programa, á ausencia do Consello de Informativos, á inexistencia dunha regulación da Autoridade audiovisual de Galicia, ou á carencia do Estatuto dos traballadores da Corporación RTVG. Neste senso, considérase que é importante aumentar a participación dos traballadores e traballadoras para garantir o cumprimento dos obxectivos de independencia editorial e de calidade, para o cal cumpre poñer en marcha todos os instrumentos para garantir a independencia informativa, e a súa defensa respecto a toda presión externa, governamental ou privada.

Igualmente é necesario establecer novas medidas complementarias para estimular a industria audiovisual galega, establecendo desde a propia Comunidade de Galicia para a Corporación RTVG, un aumento da dotación para o necesario financiamento deste sector estratéxico.

Artigo Único: *Lei 09/2011, do 09 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia*

A Lei 09/2011, do 09 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia, queda modificada como segue:

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Un. Modificación do artigo 23.4, que quedará redactado co seguinte texto:

Esgotado o mandato, a directora ou director xeral continúa no exercicio das súas funcións ata o nomeamento da nova persoa elixida para o cargo. Esta prórroga non poderá superar o prazo de seis meses sen que sexa activado o procedemento previsto no artigo 23.2

Dous. Derrógase a Disposición transitoria terceira

Tres. Modificación da disposición transitoria cuarta, que quedará redactado co seguinte texto.

O procedemento de elección do director ou directora xeral da CRTVG será activado no Parlamento de Galicia no prazo improrrogable de 30 días hábiles a partir da aprobación desta lei.

A estes efectos, nese tempo, abrirase un prazo de 15 días hábiles para que os grupos parlamentarios podan formular esas propostas.

Concluído ese prazo, os candidatos ou candidatas comparecerán ante a Comisión Permanente non lexislativa de Control da CRTVG co fin de examinar a idoneidade para o cargo, de acordo co Regulamento do Parlamento, en función do previsto no artigo 14 da Lei 09/2011, do 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia. As comparencias substanciaranse nun prazo improrrogable de 15 días hábiles.

Unha vez rematado ese proceso, procederase á primeira votación prevista no artigo 23.2 da Lei 09/2011, do 09 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia, incluíndoa na orde do día do primeiro pleno ordinario que se produza”.

Catro. Adición dunha disposición transitoria sexta. bis. Contratos Programa, que quedará redactado co seguinte texto:

Dado o tempo transcorrido desde a aprobación do primeiro mandato marco, o primeiro contrato programa previsto no artigo 33 da Lei 09/2011, do 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia, deberá referirse ao período que se inicia en decembro de 2018, incorporando os contidos previstos no dito artigo”.

Cinco. Adición dunha disposición transitoria sexta. Ter. Estatuto Profesional, que quedará redactado co seguinte texto:

O Consello de Administración, de acordo co previsto nos Estatutos da Corporación CRTVG, aprobará, no prazo improrrogable de 3 meses desde a aprobación desta lei, o Estatuto profesional previsto no artigo 36, da Lei 9/2011, do 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia.

O consello de informativos previsto no artigo 36.2, da Lei 09/2011, do 09 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia, será constituído no prazo improrrogable de tres meses dende a aprobación do Estatuto profesional”

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Seis. Modificación da disposición final quinta. *Autoridade audiovisual, que quedará redactado co seguinte texto:*

A Xunta de Galicia remitirá ao Parlamento de Galicia, no prazo improrrogable de 3 meses, desde a entrada en vigor desta lei, un proxecto de lei que regule ou encomende as función da autoridade audiovisual. Mentres non se aprobe a norma de referencia terá a consideración de autoridade audiovisual quen ata ese momento viñese exercendo tales función”

Sete.- Adición dunha disposición transitoria terceira bis.- Modificación da Lei 6/1999, do 1 de setembro, do audiovisual de Galicia.

Adición dun novo artigo 5 –bis á Lei 6/1999, do 1 de setembro, do audiovisual de Galicia:

Artigo 5 bis. Promoción do sector audiovisual galego.

1.- Co obxecto de promover o financiamento do sector audiovisual galego, establécese que a Corporación Radio e Televisión de Galicia dedicará anualmente, como mínimo, o 6 % do seus ingresos totais a tal finalidade, incluíndo en tal contía o computo da obriga establecida no artigo 5 da Lei 7/2010, do 31 de marzo, xeral da comunicación audiovisual.

2.- Aos efectos do establecido no punto anterior, enténdese por ingresos totais a contía dos rendementos propios de explotación da Corporación Radio e Televisión de Galicia S.A. (por publicidade, financeiro, de xestión, etc ...), así como tamén calquera clase de transferencia, subvencións ou achega patrimonial recibida, incluíndo o computo das compensacións consignadas anualmente ao seu favor nos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia.

Disposición derradeira primeira

Esta lei entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

ANTECEDENTES

- Constitución Española.
- Estatuto de Autonomía de Galicia
- Lei 6/ 1999, do 1 de setembro, do audiovisual de Galicia
- Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral do sector público autonómico de Galicia.
- Lei 09/2011, do 09 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia
- Lei 7/2010, do 31 de marzo, xeral da comunicación audiovisual.
- Lei 6/1999, do 1 de setembro, do audiovisual de Galicia.
- Comunicación do 16 de decembro de 2015 pola que se ordena a publicación no Diario Oficial de Galicia do Mandato marco da Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A. (DOG núm. 247 do 29 de decembro de 2015).

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 14/05/2018 12:38:52



PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727